

EN BOCA PECHADA NON ENTRAN MOSCAS

Praza de España, Sevilla. Dúas mulleres séntanse a carón dun home que le o xornal.

- Xa empeza a calor, chacha. Chamei á casa e din que en Castroverde neva!
- Carafío! E contáronche algo da filla da Xosefiña, a do Fogueteiro, a que é enxeñeira? Seica agora vai traballar en Suiza!
- Ai sí, muller! Din que a chamaron para traballar no CERN! E vai ser nai outra vez! Esa rapaza sí que lle bota valor á vida! Tamén tén una parella que vale un montón, senon...! El encárgase da casa e dos rapaces e ...
- Desculpen, señoras- dixo de súpeto o lector do xornal-. Qué falan vostedes da miña sobriña?
- Como di????!!!!
- Falan de Sonia, non? Rapaza decidida, que aproveita as oportunidades para medrar como persoa e darlle ao mundo e á familia un futuro mellor! Son Pepe do Fogueteiro.

As dúas mulleres levantáronse para miralo ben.

- Arre demo!!! Imposible!!! Pero ti non marcharas para Madrid?
- Marchara. Pero xa ven qué pequeno é o mundo!
- Sí,ho! Menos mal que falabamos ben!!
- Coidadiño! Por algo din que “en boca pechada non entran moscas”